

FUNCIONARIZACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO EN EXCEDENCIA: PUBLICACIÓN APERTURA PRAZO PARA PARTICIPAR NOS PROCESOS

Santiago de Compostela 29/12/23

A [resolución, publicada hoxe en DOG](#), habilita o prazo para que o **persoal laboral fixo da Xunta de Galicia**, que se atope na **situación de:**

- Excedencia voluntaria
- Excedencia voluntaria por incompatibilidade
- Prestación de servizos noutra Administración pública

manifeste, mediante unha solicitude, o seu interese en querer participar nun futuro proceso de funcionarización.

A resolución regula o procedemento, aproba e da publicidade ao **modelo normalizado (código de procedemento AP505A)** para a tramitación por medios electrónicos da **solicitude de participación** nun futuro proceso de **funcionarización**

SUPOSTOS:

Poderán presentar solicitude de querer participar nun futuro proceso de funcionarización o **persoal laboral fixo da Xunta de Galicia** que se atope nalgunha das seguintes **situacións:**

- **Suposto núm. 1:** persoal laboral fixo que **posúe unha ou varias categorías profesionais** e que **se atopa en excedencia voluntaria** ou **excedencia voluntaria por incompatibilidade** por estar prestando servizos **como persoal funcionario interino** ou **como persoal laboral temporal** na Xunta de Galicia.
- **Suposto núm. 2:** persoal laboral fixo que **posúe máis dunha categoría profesional**, que se atopa **prestando servizos na Xunta de Galicia nunha delas**, sendo esta unha categoría que **aínda non foi convocada** a súa funcionarización, e que **se atopa na situación de excedencia** nas demais categorías profesionais.
- **Suposto núm. 3:** persoal laboral fixo que **posúe máis dunha categoría profesional**, que se atopa **prestando servizos na Xunta de Galicia nunha delas**, sendo esta unha categoría que **xa foi convocada** a súa funcionarización, e que **se atopa na situación de excedencia** nas demais categorías profesionais.



- **Suposto núm. 4:** persoal laboral fixo que, **posuíndo unha ou máis categorías** profesionais, se atopa na **situación de excedencia voluntaria** ou en **excedencia voluntaria por incompatibilidade** e **non se atopa prestando servizos na Xunta** de Galicia.
- **Suposto núm. 5:** persoal laboral fixo que **posúe unha ou máis categorías** profesionais e que se atopa en **situación de excedencia voluntaria** ou en **excedencia voluntaria por incompatibilidade** ou por **prestación de servizos no sector público** por ter a condición de **funcionario de carreira** nesta Administración.
- **Suposto núm. 6:** persoal laboral fixo que **posúe máis dunha categoría** profesional, que se atopa **prestando servizos na Xunta de Galicia nunha delas**, sendo esta unha categoría en que **non está recollida a funcionarización por non ter equivalencia** cos corpos e escalas de persoal funcionario, e que se atopa en situación de **excedencia nas demais categorías profesionais**.

Consonte o recollido na normativa aplicable, o persoal que se atope en **situación de excedencia voluntaria** deberá ter **prestado un mínimo dun ano de servizo** na categoría profesional desde a que se presenta á **funcionarización**.

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE E PRAZO:

- Deberá facerse **obrigatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>
- Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365.
- **Prazo de presentación: 3 meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.**
- No suposto de non presentaren a solicitude no prazo anterior, non se poderá participar nos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro desta resolución.
- As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos datos incluídos na solicitude de participación.

